

A CINCENTA QUE NON QUERÍA COMER PERDICES

BASEADO NO CONTO DE NUNILA LÓPEZ SALAMERO

FICHA ARTÍSTICA

Dramaturxia: Fina Calleja
e Nate Borrajo

Dirección: Fina Calleja

Elenco: Sabela Gago,
Fernando Dacosta
e Elena Seijo

LUGAR E DATA

PREVISTA DE ESTREA

Teatro Principal de Ourense
Setembro de 2024

DISTRIBUCIÓN

Fina Calleja (Sarabela Teatro): 629 86 05 80

Érica Pereiro (Culturactiva): 622 43 44 88

Mail: sarablateatro@yahoo.es
info@culturactiva.org

FICHA TÉCNICA

Deseño de escenografía:
"Amenosde7metros"

Deseño de vestiario: Ruth Díaz Pereira

Imaxe e soportes audiovisuais: Iris Blanco

Deseño de Iluminación: Baltasar Patiño

Coreografía: Rut Balbís

Deseño de máscaras: Iris Branco

Espazo Sonoro: Renata Codda Fons

Fotografías: Rubén Vilanova

Deseño gráfico: Redeiras.net

Vídeo: Ohh!-VÍDEO

Producción artística e económica:

Fina Calleja - Carlos Domínguez

Distribución: Culturactiva

Comunicación: Alberto Ramos

Técnicos en escena: José Manuel Bayón
e Rubén Dobaño



www.sarablateatro.com

A CINCENTA QUE NON QUERÍA COMER PERDICES

SARABELA
TEATRO

BASEADO NO CONTO DE
NUNILA LÓPEZ SALAMERO

DIRECCIÓN E DRAMATURXIA
FINA CALLEJA

CANDO OS PRÍNCIPES

SAEN RAS

ELENA SEJO
FERNANDO DACOSTA
SABELA GAGO



Porqué voltar aos contos?



O conto chama á porta de todas as idades porque todos son o espello da época na que foron escritos e porque falan dunha serie de arquetipos e temas que percorren a literatura popular e o noso imaxinario desde hai moito tempo. Por iso as relecturas que se están facendo desde hai anos son importantes, porque falan de algo profundo e son unha invitación a redescubrir a forma en que se tratan temas como a curiosidade ou a independencia feminina, pero tamén a esa estraña obsesión con danar os pés das mulleres en diferentes contos.



Obxectivos

- Crear un espectáculo que, desde o humor, poña en cuestión os contos tradicionais, a visión idealizada do amor romántico a división de roles por sexo.
- Achegar esta proposta aos centros de ensino, as redes de centros CIMM e ás entidades vencelladas ás políticas de igualdade cun formato de espectáculo de calidade pero axeitado ás condicións de exhibición das súas programacións.
- Promover entre espectadores e espectadores a asunción de valores igualitarios e reforzar entre eles a autoaceptación, mellorando a imaxe que cada un deles teñen de sí mesmos.
- Nutrir, desde as táboas, á construción da identidade baseada en criterios de aceptación dun mesmo e da diversidade dos outros.
- Contribuír á erradicación da violencia de xénero e a localización daqueles comportamentos que son sinais de alerta.
- Enfrontar este desafío apostando pola diversidade de audiencias, con compromiso cultural, social e comunitario.
- Seguir explorando os temas que afectan e que interpelan á Compañía, coma testemuñas do tempo que lle toca vivir.
- Realizar unha montaxe elaborada e estimulante, poñendo o foco nos espectadores e espectadoras con quen o grupo arela dialogar intensamente cumprindo as expectativas das audiencias máis esixentes.
- Anovar e arriscar cunha proposta de total actualidade facendo reflexionar e gozar a partes iguais.
- Promover a igualdade de xénero entre a mocidade e previr condutas de violencia machista.
- Fomentar as relacións afectivas sas e responsables, poñendo os coidados no centro.
- Vincular literatura e teatro e achegar estas dúas disciplinas á mocidade e ao público en xeral dun xeito atractivo para eles/elas a través dunha linguaxe fresca e satírica que enganche co público adolescente.





Dí Maruxa Torres no prólogo da súa edición en papel:

"Non hai muller que, antes de empezar a vivir, non necesite que lle conten unha historia como esta. Se non a escoita vivirá a vida que outros dispuxeron para ela, nunha condición inferior, cunha felicidade falsa, e con premios que cheiran a fume. As maiores adoitamos dar por sentado que iso xa se fixo: plantar cara e dicir «non». A nosa Cincenta, sen cinza na fronte e coa cabeza moi alta, avísanos de que cada xeración, cada muller, ten que volver empezar. Porque, á que se descoida, os tacóns altos, ese agasallo envelenado, condúcena a un camiño de espiñas. Pónena a cociñar perdices para calquera príncipe, titular ou secundario. E pode acabar non recoñecéndose, non sabendo como chorar as súas vidas impostas".

A autora

NUNILA LÓPEZ SALAMERO



Nada en Barcelona no ano 1966, aínda que de orixe aragonesa, ten unha dilatada carreira como "contista". Nunila López Salamero descríbese como artista escénica, contista, inventora dos seus propios contos, fada poligoneira, pallasa e, sobre todo, como unha nena que quere salvar ao mundo a base de gargalladas directas ao corazón. Con todas as súas historias dámos a benvida ao seu mundo que se asenta no dereito á igualdade e á diferenza.

Xunto coa artista plástica Myriam Cameros Sierra, escribe "A Cincenta que non quería comer perdices" a petición dun grupo de mulleres afectadas polos malos tratos. A editorial Planeta fíxose cos deusos, publicándoa en 2009.

A autora, Nunila López Salamero, recibiu o Premio Racimo en 2009. Publicou tamén, xunto con Myriam Cameros Sierra, "Cuentos para antes de despertar".

Sinopse

Este conto podería comezar dicindo: "Unha vez había unha moza que non estaba soa e unhas perdices que voaban felices", pero non. Esta historia, escrita por Nunila López Salamero fálanos dunha moza perdida que pretende desmontar os falsos mitos ao redor do amor romántico, fálanos de tantas historias de princesas liberadas por príncipes azuis que, en demasiados casos saen ras. A cincenta que non quería comer perdices é un conto moderno para nenos/as que revisa con humor o papel que desempeñou a muller durante moito tempo. É un alegato que defende a liberdade de ser quen unha queira ser e como unha queira ser.

Esta peza pon en cuestión o papel que xogaron na historia os contos de fadas nos que se acaba por promover o rol das nenas como entes pasivos agardando a que lles pidan a man. "A cincenta que non quería comer perdices" fala de temas tan de actualidade como a violencia de xénero, que segue sendo un problema entre os máis novos.

